



galicia

XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar
Servizo de Recursos Mariños

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

RESOLUCIÓN DO 11 DE XULLO DE 2018 DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS E QUE NON FORON EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE PONTEVEDRA

ANTECEDENTES

Primeiro. Pola Resolución do 12 de setembro de 2017- corrección de erros publicada o 14 de setembro de 2017- da xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo, publícase a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Pontevedra.

Segundo. O día 5 de outubro de 2017 ten entrada no rexistro do Edificio Administrativo de Vigo un escrito da confraría de Pontevedra no que solicita o emprego da lista de reserva para cubrir unha vacante que se produciu ante unha renuncia por xubilación dunha mariscadora. Autorizouse o emprego da lista de reserva para cubrir esta vacante mediante a Resolución do 6 de outubro de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo.

Terceiro. O día 5 de outubro de 2017, finalizou o prazo de achega de documentación indicado na Resolución do 12 de setembro de 2017 mencionada, e unha (1) das persoas seleccionadas non presentou a documentación que figura na base III da convocatoria. A confraría tamén, presentou dous escritos nos que solicitaba autorización para emprego da lista de reserva de 4 mariscadores. O 6 de novembro autorízase o emprego da lista de reserva para a cobertura de 5 vacantes.

Cuarto. A confraría presentou en data de 9 de febreiro de 2018 un novo escrito de solicitude de emprego de lista de reserva para cubrir unha vacante que se produciu





XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar
Servizo de Recursos Mariños

R./Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

por xubilación dunha (1) mariscadora. O 12 de febreiro de 2018 autorízase o emprego da lista de reserva para cubrir a vacante.

Quinto. A confraría presentou en data de 14 de febreiro de 2018 unha solicitude de emprego de lista de reserva para cubrir unha vacante que se produciu por suspensión temporal da vixencia dun permex por incapacidade permanente; e o 16 de febreiro de 2018 unha nova solicitude de emprego de lista de reserva para cubrir outra vacante que se produciu por xubilación. O 22 de marzo de 2018 autorizouse o emprego da lista de reserva para cubrir as dúas vacantes.

Sexto. A confraría presentou en data de 22 e 27 de marzo de 2018 dúas solicitudes de emprego de lista de reserva para cubrir dúas vacantes que se produciron por xubilación. O 3 de abril de 2018 autorizouse o emprego da lista de reserva para cubrir as dúas vacantes.

Sétimo. A confraría presentou en data de 14 de maio de 2018 unha solicitude de emprego de lista de reserva para cubrir unha vacante que se produciu por xubilación. O 15 de maio de 2018 autorizouse o emprego da lista de reserva para cubrir a vacante solicitada.

Oitavo. A confraría presentou en data de 4 de xullo de 2018 unha solicitude de emprego de lista de reserva para cubrir unha vacante que se produciu por xubilación

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.





XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar
Servizo de Recursos Mariños

R./Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

Segundo. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución da xefatura territorial.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar á xefatura territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.

Terceiro. Correspóndelle a esta Xefatura Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

Autorizar o emprego da lista de reserva e publicar o nome da persoa seleccionada para o outorgamento do permiso de explotación de marisqueo a pé na confraría de Pontevedra:

APELIDOS E NOME	N.I.F.
DACOSTA CALVIÑO, MARÍA LUÍSA	35319987Z

A persoa seleccionada deberá acreditar no prazo de quince (15) días hábiles, que se contará dende o día seguinte ao que se publique esta resolución, os requisitos para





XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar
Servizo de Recursos Mariños

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

obter o permiso de explotación; de non facerse así neste prazo, entenderase que decaen do seu dereito. Deben presentar a seguinte documentación:

a) Certificado que acredite que está empadroado nun municipio do litoral de Galicia. Non será necesario no caso de telo presentado coa solicitude ou ter asinado a autorización para consulta deste dato.

b) Certificado da Seguridade Social que acredite que non é perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares. Non será necesario se na solicitude asinou a autorización para consulta destes datos.

c) Certificado que acredite que non é perceptor da renda de integración social de Galicia (RISGA). Non será necesario se na solicitude asinou a autorización para consulta destes datos.

De ser perceptor da renda de integración social de Galicia, deberá achegar un documento de renuncia a esta renda que se fará efectiva no momento da concesión do permiso de explotación.

d) Informe médico que indique que non está incapacitado para exercer os labores de marisqueo.

e) Fotocopia compulsada do certificado de mariscador. Non será necesario se na solicitude asinou a autorización para consulta destes datos.

f) Dúas fotografías de tamaño carné actuais e iguais, co seu nome escrito por detrás.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.





galicia

XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar
Servizo de Recursos Mariños

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

Sonia Lorenzo Santos

Xefa territorial

Carmen de Benito Caula

(Por delegación de firma R.17/10/2017)

Xefa do Servizo de recursos mariños

